



DATOS IDENTIFICATIVOS

Comunicación: Lingua galega

Materia	Comunicación: Lingua galega			
Código	P02G110V01201			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Fernández Salgado, Benigno			
Profesorado	Fernández Salgado, Benigno			
Correo-e	bfsalgado@gmail.com			
Web				

Descrición xeral A especialidade do Grao en Educación Infantil esixe que o futuro docente posúa, ademais dunha ampla formación en aspectos psicopedagóxicos, unha boa competencia na ferramenta básica da comunicación: a lingua.

O obxectivo desta materia é desenvolver dun modo coherente as capacidades lingüísticas e comunicativas de xeito que se favoreza a transmisión de coñecementos e a formación integral dos discentes. Alén de aprender a escoitar, tres son as destrezas que os profesores deben axudar a perfeccionar nas aulas: a capacidade lectora (comprensión, ritmo, dicción), a expresión oral (corrección, claridade, fluidez) e a expresión escrita (coherencia, unidade, gramaticalidade).

O futuro mestre de Educación Infantil deberá, por tanto, adquirir un nivel adecuado de lingua galega con vistas a desempeñar con eficacia as súas tarefas docentes: utilizando a lingua galega como lingua normal no ensino, servindo de modelo lingüístico para os seus alumnos e corrixindo os erros ou inadecuacións que estes poidan cometer na lingua oral e escrita.

Competencias

Código	
B2	Promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva
B4	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela e abordar a resolución pacífica de conflitos. Saber observar sistematicamente contextos de aprendizaxe e convivencia e saber reflexionar sobre eles
B5	Reflexionar en grupo sobre a aceptación de normas e o respecto aos demais. Promover a autonomía e a singularidade de cada estudante como factores de educación das emocións, os sentimentos e os valores na primeira infancia
B6	Coñecer a evolución da linguaxe na primeira infancia, saber identificar posibles disfuncións e velar pola súa correcta evolución. Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e multilingües. Expresarse oralmente e por escrito e dominar o uso de diferentes técnicas de expresión
B11	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela nos estudantes
C43	Favorecer as capacidades de fala e de escritura.
C44	Coñecer e dominar técnicas de expresión oral e escrita.
C46	Comprender o paso da oralidad á escritura e coñecer os diferentes registros e usos da lingua.
C48	Afrontar situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües.
C49	Recoñecer e valorar o uso adecuado da linguaxe verbal e non verbal.
C50	Coñecer e utilizar adecuadamente recursos para a animación á lectura e á escritura.
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita
D4	Coñecemento de lingua estranxeira
D7	Resolución de problemas

D9	Traballo en equipo
D11	Habilidades nas relacións interpersoais
D12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D13	Razoamento crítico
D14	Compromiso ético
D15	Aprendizaxe autónoma
D17	Creatividade
D18	Lideranza

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación.	B2	C48 D3 C49 D9 D11 D13 D14
Falar, ler e escribir correcta e axeitadamente en galego.		C43 D1 C44 D2 C46 D3 C50 D11 D13 D15
Coñecer e dominar as técnicas de expresión oral e escrita para mellorar as competencias orais e escritas e, especialmente, para mellorar a redacción de textos académicos.		C44 D1 C46 D3 D13 D17
Coñecer a fonética e a ortografía da lingua galega		C43 D3 D15
Coñecer a gramática da lingua galega.		C44 D1 C48 D3 D12 D15
Coñecer os diferentes rexistros e usos da lingua galega.	B2 B4 B5 B6	D3 D18
Comprender as regras de formación de palabras polas que a lingua galega constrúe o seu vocabulario por vía interna.		C43 D1 C49 D3 D7
Coñecer e utilizar adecuadamente un léxico suficiente para expresarse con precisión na exposición oral e na redacción de textos.	B6 B11	D3 D4 D7 D11 D12 D15

Contidos

Tema	
Fonética e Ortografía	O uso das grafías e o sistema fonético galego. A acentuación gráfica. Palabras de ortografía dubidosa. Os signos de puntuación. Grupos consonánticos.
Gramática	Substantivo e adxectivo. Artigo. Pronome persoal. Demostrativo. Posesivo. Indefinidos e numerais. Relativos, interrogativos e exclamativos. O adverbio. O verbo. O infinitivo conxugado. As perífrases verbais. Os elementos de relación: preposicións e conxuncións. A sintaxe oracional. Concordancia nominal e correlación verbal. A construción da oración.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	15	30	45
Traballo tutelado	8	30	38
Lección maxistral	30	30	60
Presentación	3	4	7

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe aprender a desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Complementa a lección maxistral.
Traballo tutelado	Exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. O seu desenvolvemento pode estar vinculado a actividades autónomas do estudante.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Atendemento no despacho 209 da facultade de CCSS ou por correo electrónico (lingua2@gmail.com). Existirá a posibilidade de facer titorías e atender de maneira personalizada a cada un dos estudantes ou a grupos deles a través dos medios telemáticos dispoñibles (Campus Remoto da UVigo).
Traballo tutelado	No caso de que haxa docencia non presencial, previa concertación, as sesións de titorización realizaranse telematicamente na oficina 863 ou a través de pregunta-resposta no correo electrónico ou foros de Fatic.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Resolución de problemas	Exame escrito final (30%)	40	B4	C43	D2
	Presentación oral do traballo de curso tutelado (10%)		B6	C44	D3
			B11		D7
				D15	
Traballo tutelado	Os traballos prácticos son de dous tipos. O alumnado deberá facer en grupo un "traballo de curso" sobre un dos temas propostos na aula (40% da nota). Os exercicios de gramática e de léxico realizados como prácticas en horas fóra de clase e destinados a escribir e expresarse con corrección equivalen ó 20% restante.	60	B4	C43	D1
			B6	C44	D2
			B11	C46	D3
				C48	D7
			C49	D11	
			C50	D13	
				D15	
	D17				
	D18				

Outros comentarios sobre a Avaliación

Modelo A. Avaliación continua: para aprobar a materia o alumnado deberá superar (a) o traballo de curso, (b) os exercicios e (c) o exame. As notas do exame aprobado sumaranse ás notas de (a) e (b).

Modelo B. Avaliación única: os estudantes que non asistan regularmente ás clases terán que presentarse a un exame final da materia (100% da nota), en data determinada polo centro, que figurará na páxina web correspondente.

As datas dos exames pódense consultar na web da facultade na sección de organización académica

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Carballeira Anllo, X. M. (coord.), **Gran diccionario Xerais da lingua**, Vigo: Xerais,

Fernández Salgado, B. (ed.), **Diccionario de usos e dificultades da lingua galega**, Vigo: Galaxia,

Gómez Clemente, X.M. e Rodríguez Guerra, A. (coords.), **Neoloxía e lingua galega : teoría e práctica**, Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo,

Hermida, C., **Gramática práctica (morfosintaxe)**, Santiago: Sotelo Blanco,

ILG/RAG, **Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego**, Santiago de Compostela: ILG/RAG,

López Viñas, X.; Lourenço Mória, C. e Moreda Leirado, M., **Gramática Práctica da Lingua Galega. Comunicación e Expresión**, A Coruña: Baía Edicións,

Bibliografía Complementaria

Álvarez, R. e Monteagudo, H. (eds.), **Lingüística Galega. A contribución do Instituto da Lingua Galega / Labor Histórico, vol. 3 (1)**, Universidade Federal do Rio de Janeiro,

Álvarez, R. e Xove, X., **Gramática da lingua galega**, Vigo: Galaxia,

Callón, Carlos, **Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez**, Vigo: Xerais,

Crystal, D., **A morte das linguas**, Vigo: Galaxia,

Dubert García, Francisco et al., **Novo diccionario da lingua galega**, Vigo: Obradoiro,

Formoso Gosende, V., **Do estigma á estima. Propostas para un novo discurso lingüístico**, Vigo: Xerais,

Freixeiro Mato, X. R., **Gramática da lingua galega, I, II, III**, Vigo: A Nosa Terra,

Freixeiro Mato, X. R., **Estilística da lingua galega**, Vigo: Xerais,

Granxa González, X. A. e Méndez Álvarez, M. X., **Manual de lingua galega I e III**, Vigo: Xerais,

Guinovart, X., **A Lingua galega en Internet**, Vigo: Universidade de Vigo,

López Taboada, C. e Soto Arias, R., **Diccionario de fraseoloxía galega**, Vigo: Xerais,

Mariño Paz, R., **Fonética e fonoloxía históricas da lingua galega**, Vigo: Xerais,

Méndez Álvarez, M. X., **Ortografía da lingua galega**, Vigo: Xerais,

Muñoz Súa, B., **Claro e seguido, 1, 2, 3, 4**, Vigo: Xerais,

Noia, C.; Gómez Clemente, X.M.; e Benavente Jareño, P. (coords.), **Diccionario de sinónimos da lingua galega**, Vigo: Xerais,

Mariño Paz, R., **Historia da Lingua Galega**, Santiago: Sotelo Blanco,

Núñez Singala, Manuel, **En galego, por que non?**, Vigo: Galaxia,

Pena, X. R. e Rosales, M., **Manual e exercicios de galego urxente**, Vigo: Xerais,

Regueira, X. L., **Os sons da lingua**, Vigo: Xerais,

Santamarina, A. (dir.), **Diccionario de dicionarios, Versión 3**, A Coruña: Fundación Barrié de la Maza,

Sousa, X. e Álvarez, R. (eds.), **A toponimia em foco: principios, métodos, enfoques / Guavira Letras, nº 25**, Universidade Federal do Mato Grosso do Sul,

Recomendacións

Outros comentarios

- A ficha cos datos persoais e a fotografía debe entregarse nas dúas primeiras semanas de clase.

- Recoméndase ao alumnado de intercambio posuír uns coñecementos de nivel B2 en lingua galega para cursar esta materia.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxía docente

No caso da docencia en modalidade non presencial, a actividade docente impartirase mediante Campus Remoto e o uso da plataforma de teledocencia Moovi.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

No caso de que a docencia sexa non presencial, as sesións de titorización realizaranse por medios telemáticos (correo electrónico, foros de Fatic...) con concertación previa dependendo da modalidade.

* Bibliografía esencial para facilitar a auto-aprendizaxe

Álvarez, R. & Xove, X. (2002). Gramática da lingua galega. Vigo: Galaxia.

Instituto da Lingua Galega & Real Academia Galega (2004). Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego. A Coruña: ILG/RAG.

Hermida, C. (2004). Gramática práctica (morfosintaxe). Santiago: Sotelo Blanco.

López Viñas, X.; Lourenço Mória, C. e Moreda Leirado, M. (2011). Gramática Práctica da Lingua Galega. Comunicación e Expresión. A Coruña: Baía Edicións.

Mariño, R. (1999). Historia da Lingua Galega. Santiago: Sotelo Blanco.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

* No caso de non se facer a presentación do traballo de curso a nota final equivalería a partes iguais ás practicas (50%) e traballo de curso (50%)
